

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 31/08/2017, EN 1ª CONVOCATORIA.**

### **ASISTENTES**

#### **ALCALDE EN FUNCIONS**

Xan Carlos Sar Oliveira

#### **TTES. DE ALCALDE**

Soledad Vilela Romero

Teresa Fernández Martínez

### **SECRETARIO**

José Ramón Lema Fuentes

### **NON ASISTE**

(Xustificada)

José Marcote Suárez

### **ASUNTOS**

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Adxudicación Subministración Luminarias LED Nucleo Fisterra 2017.--
- 4º.- Adxudicación Subministración Mellora Camiño da Insua.--
- 5º.- Expediente Obra Reforma Parque de San Roque, PAS 2015.-
- 6º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:30** horas do día **31/08/2017** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

#### **1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-**

Sometida a votación a do día 3 de Agosto de 2017 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

#### **2º.- Actos edificación e uso do Solo.-**

### **OBRAS MAIORES**

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte da Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

**A SABELA OCA INSUA e JOSÉ LUÍS CAPELO LADO** domicilio no Concello de Cee, para proceder á construción dunha Vivenda Unifamiliar de Planta Baixa, Planta Alta e Garaxe anexo a emprazar nunha parcela (Referencia Catastral 15038A502021200000DO) debendo axustarse na súa

**totalidade ó Proxecto Básico redactado polo Arquitecto Manuel Ángel Marcote Escariz e Modificado I do mesmo de datas Decembro de 2016 e Agosto 2017 respectivamente que constan no expediente; condicionada a que :**

- **Formalización de cesión de terreos mediante documento público notarial nunha superficie de 16,14 m<sup>2</sup> para regularización da vía a que da fronte a parcela.**
- **Deberá dar cumprimento, para o inicio das obras, o disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.**
- **Presentarase un anexo de obra urbanizadora coas conexións á rede de saneamento e abastecemento de titularidade municipal.**

**O estudio xeotécnico déberase acometer na fase inicial de proxecto e en calquera caso antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada, o que deberá acreditar antes ou simultaneamente á solicitude de primeira utilización da edificación.**

- **O terreo comprendido entre a liña de cesión e a vía debe quedar explanado completamente á cota da mesma.**
- **As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente proxecto de execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudo de seguridade e saúde e sen obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.**
- **En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible**

dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- o **EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA : 29 / 2016**
- o **DATA EXPEDICIÓN LICENZA : 31 / 08 / 2017**
- o **ORDENANZA DE APLICACIÓN: Solo non urbanizable de núcleos rurais Tradicionais nas áreas consolidadas pola edificación (NRTC)**
- o **PROMOTORES: Sabela Oca Insua e José Luis Capelo Lado**
- o **CONSTRUTOR:**
- o **DIRECTOR DE OBRA: Manuel Angel Marcote Escariz, Arquitecto**
- o **DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL: Juan Ramón Insua Redonda**
- o **NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: B + 1**
- o **USOS: Vivenda unifamiliar**

O cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Así mesmo, **deberá ingresar nas arcas municipais as cantidades de :**

**- Catro mil catrocentos dezanove euros con oitenta e cinco céntimos ( 4.419,85 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.-**

- Seiscientos dous euros con setenta con un centimo (602,71 €) pola Taxa de servizos urbanísticos .-

Resultantes da valoración efectuada polo Departamento de Urbanismo en base á aplicación do previsto nas Ordenanzas fiscais reguladoras sobre un Presuposto de execución material de 200.902,29 €.

A Marismas del Norte S.L con C.I.F B70069950 e domicilio social na localidade de Bardanca - Sísamo - Carballo ( C.P 15106) para proceder á realización de traballos de reforzo, adecuación, adaptación ou reforma de instalación da rede de distribución en Escaselas do Termo municipal de Fisterra ( Liña de Media tensión, CT, BBTS ) en base á Memoria técnica redactada polo enxeñeiro Industrial, Darío Sanchez Maeso axustándose na súa totalidade ás condicións impostas pola Axencia Galega de Infraestruturas mediante autorización de data 10 de xullo de 2017 que consta no expediente; condicionada a que :

- Deberá informar o comezo das obras a esta Corporación mediante escrito no Rexistro Xeral de Entrada.

- Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado.

- Repoñer ao estado inicial o pavimento afectado polas obras coas mesmas calidades e materiais.

Así mesmo deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:

- Once Euros con trinta e sete céntimos (11,37 € ) en concepto de Taxa por servizos urbanísticos.-

- Oitenta e tres euros e trinta e seis céntimos ( 83,36 € ) en concepto do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.-

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á realización de obras dun paso aéreo subterráneo (PAS) e canalización de 8 metros para RBT na Parcela 1271 Polígono 21 ( Rego da Vica ) da localidade de Mallas do Termo Municipapl de Fisterra, debendo axustarse na súa totalidade á Memoria e Planos redactados polo Enxeñeiro Industrial Miguel Ángel Bernal López de data 8/03/2017 que consta no expediente; condicionada a :

1) Deberá informar ó Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada.

2) Os entullos de gabia deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado

3) Repoñerase ó estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades de materiais.

4) Presentación de Aval Bancario por importe de douscentos setenta e oito euros con noventa e un céntimos (278,91 €) co fin de garantir o coste de reposición da urbanización afectada.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades :

-- Doce euros con dezanove céntimos (12,19 € ) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

-- Un euro con sesenta e seis céntimos (1.66 € ) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

**A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.** con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á realización de obras dun paso aéreo subterráneo (PAS) e canalización de 50 metros para RBT no Camiño de A Insua do Termo Municipal de Fisterra, debendo axustarse na súa totalidade á Memoria e Planos redactados polo Enxeñeiro Industrial Miguel Ángel Bernal López de data 27/06/2017 que consta no expediente; condicionada a :

1) Deberá informar ó Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada.

2) Os entullos de gabia deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado

3) Repoñerase ó estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades de materiais.

4) Presentación de Aval Bancario por importe de Trescentos euros (300,00 €), co fin de garantir o coste de reposición da urbanización afectada.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades :

-- Vinte e dous euros con dous céntimos (22,02 € ) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

-- Tres euros (3,00 € ) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

**A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.** con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á realización de obras para construción de dous tramos de Liña Subterránea de Baixa Tensión un de 48 metros e outro de 11 metros na

localidade de Anchoa do termo Municipal de Fisterra, debendo axustarse na súa totalidade á Memoria e Planos redactados polo Enxeñeiro Industrial Dario Sánchez Maeso de data 23/02/2016 así como ás condicións impostas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio - Augas de Galicia e do Servizo Provincial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda en informes favorables de datas 2/06/2017 e 5/12/2016 respectivamente que constan no expediente; condicionada a que:

1) Deberá informar ó Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada.

2) Os entullos de gabia deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado

3) Repoñerase ó estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades de materiais.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades :

-- Cento vinte e tres euros con setenta céntimos (123,70 € ) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

-- Dezaseis euros con oitenta e sete céntimos (16,87 € ) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

### COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por LORENA INSUA INSUA, veciña de Fisterra (RE 2.463 de 22/08/2017) para proceder á realización de obras consistentes no reforzo da estrutura da cuberta con viguetas de formigón e colocación de tella do país nun cobertizo existente (Referencia Catastral 000900200MH75D0001KQ),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 22 de Agosto de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por MANUEL LEMA DÍAZ, veciño de Fisterra (RE 2.539 de 29/08/2017) para proceder ó pintado

de fachadas en cor clara e reforma de beirarrúa existente nunha finca que rodea á vivenda con pedra(Referencia Catastral 8408716MH7580N0001TT),

**Resultando** que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 30 de Agosto de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por **JOSEFA RIVAS DOMÍNGUEZ**, veciña de Fisterra (RE 715 de 14/03/2016) para proceder á realización de obras consistentes no pintado lateral da fachada dunha vivenda(Referencia Catastral 8607802MH75800N0001RT), debendo axustarse ás condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 31/10/2016 que consta no expediente e do que se dará traslado á interesada,

**Resultando** que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 29 de Agosto de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por **MANUEL SILVA CASTRO**, veciño de Fisterra (RE 665 de 13/03/2017) para proceder a realización de obras consistentes no levantamento e limpeza da tella do teito dunha vivenda (Referencia Catastral 8610608MH7581S0001RU), debendo axustarse ás condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 20/07/2017 que consta no expediente e do que se dará traslado ó interesado,

**Resultando** que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 29 de Agosto de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de

conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por LUÍS BUJEIRO LOURIDO, veciño de Fisterra (RE 2.461 de 22/08/2017) para proceder a realización de obras consistentes na colocación de tella do país e fibrocemento nun hórreo emprazado nunha parcela,

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 22 de Agosto de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por JOSÉ LUÍS CARREIRA GALLEGO, veciño de Fisterra (RE 2.489 de 24/08/2017) para proceder a realización de obras consistentes no repicado das fachadas de pedra e retiro de escombros interior nunha vivenda (Referencia Catastral 001402100MH75D0001UQ),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 29 de Agosto de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por LUÍS LÓPEZ BAHAMONDE, veciño de Fisterra (RE 2.284 de 1/08/2017) para proceder a realización de obras consistentes no pintado exterior dunha vivenda en color beige (Referencia Catastral 001300200MH75D0001MQ),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 22 de Agosto de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.



A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por ROSARIO LAGO SUÁREZ, veciña de Fisterra (RE 2.480 de 23/08/2017) para proceder a realizacións de obras consistentes no acondicionamento de fachadas con aplicación de morteiro e fibra de vidro, pintado posterior e revestimento de escaleiras laterais con pedra de cantería nunha vivenda (Referencia Catastral 8827106MH7582N0001BH),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 29 de Agosto de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de ISMAEL MONTERO LAGO, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 2.390 de 10/08/2017) para proceder á realización de obras consistentes na construción dun peche de formigón pintado de 1,50 metros de altura máxima e de colocación de postes de cemento no fronte cara o camiño con código 197 no inventario de Bens que obra neste Concello en parte dunha parcela (Referencia Catastral 15038A502001270000DH),

Antes do comezo das obras, deberá poñelo en coñecemento deste Concello para estar presente na acta de replanteo e determinar así a alineación e o retranqueo do peche con respecto ao vial público.

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 22 de Agosto de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por MARÍA LETICIA ROMERO RIVERA, veciña de Fisterra (RE 2.312 de 3/08/2017) para proceder a realización de obras consistentes na colocación dun cartel de publicidade de 4,70 metros de alto e 1,34 metros de ancho nunha parcela privada (Referencia Catastral 8216109MH7581N0001OX ) fóra da aliñación establecida pola normativa de aplicación),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 22 de Agosto de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MARÍA SUÁREZ LIÑEIRO, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 2.511 de 28/08/2017 ) para proceder á realización das obras que son necesarias co motivo da instalación do servizo de saneamento con destino a unha vivenda (Referencia Catastral 7915706MH7571N0001QK) conectando coa rede xeral que pasa pola zona,

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 29 de Agosto de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionada a que:

En todo caso as obras de acometida a estas redes de servizo municipais se terán que executar coas seguintes condicións:

- a. - Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de saneamento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

- b.- Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terá unha pendente mínima de 2%.**
- c.- Dende a arqueta sifónica dispoñeráse dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descorrerá o máis recto posible, non permitíndose curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.**
- d.- A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte. Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/I de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e area de rúa M-15. Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias mais ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando esta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral é innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.**
- e.- No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, disporase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretorno.**
- f. - O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer paralelas ambas instalacións.**
- g. - A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.**
- h. - Non se poderán conectar á rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales terán que ser canalizadas cara á cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.**

- I.- O interesado comunicárase coa empresa do servizo de saneamento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

Co fin de garantir a reposición do firme presentárase no Concello de Fisterra unha fianza polo importe de Trescentos cincuenta euros ( 350,00 € ) en metálico ou aval bancario.-

C) Visto o informe favorable emitido por parte da Arquitecta que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación con data 27/07/2017, a Xunta do Goberno local por unanimidade dos asistentes, acorda proceder a devolución da fianza nun importe de sesenta euros con dez céntimos (60,10 €) efectuada con data 15 de Xuño de 2015 por parte de EDUARDO CARBALLO SAR, veciño de Fisterra, como consecuencia da Licenza urbanística concedida no seu día para apertura de gabia con motivo de conexión de auga nunha vivenda sita no citado lugar.-

D) Visto o informe desfavorable emitido pola Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo desta Corporación de data 22/08/2017, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Denegar a Licenza urbanística solicitada por DIEGO PÉREZ TRABA, veciño de Fisterra, para proceder á realización de obras consistentes en levantar 60 centímetros con pedra e realizar dúas columnas de 60 centímetros nun muro existente nunha finca sita no citado lugar; toda vez que efectuada a oportuna visita de comprobación poidose comprobar que o muro de pedra a ampliar, a altura está a menos de Catro metros ( 4 ) ao eixo da vía polo que non é posible a realización de obras de consolidación e/ou aumento de altura, incumprindo a Normativa Urbanística vixente de aplicación.--

2) Notificar este acordo ó promotor para o seu coñecemento cos recursos legalmente establecidos, procedéndose a devolución do ingresado o día 13 de Xullo de 2017 polo importe de 11,88 € en concepto do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras.

E) Visto o Informe Desfavorable emitido polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Excm. Deputación Provincial de data 19/05/2017 que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1.- Denegar a Licenza Urbanística solicitada por parte de JUAN FRANCISCO SENLLE CANOSA, para proceder á realización de obras consistentes na Edificación dun Conxunto de Vivendas no Camiño de Barcia desta Vila, debido a que a maior parte da edificación proxectada esténdese máis dos 28 metros de fondo que se permite ocupar desde a

alineación da vía existente en servizo, emprazándose sobre un terreo en situación básica de solo rural, susceptible de transformación urbanística e pendente de execución municipal.

2.- Notificar dito acordo ó Promotor para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.

F) Examinado o expediente tramitado a nome de MERCEDES REDONDA MARTÍNEZ, veciña de Fisterra sobre solicitude de licenza urbanística para edificar un Hotel,

Resultando que con data 19/05/2017 emítase informe polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Excm. Deputación Provincial baixo as seguintes conclusións:

Primeira: solicitude de licenza para edificar un Hotel na Rúa Mestre Barrera.

Procede denegar a licenza solicitada debido a que parte da edificación proxectada se estende máis dos 20 metros medidos desde a aliñación da vía existente en servizo, ocupando un terreo en situación básica de solo rural, susceptible de transformación urbanística e pendente de execución integral.

Segunda: modificación do Estudo de Detalle ED/2012

Compre modificar este instrumento de desenvolvemento, limitando o fondo máximo edificable aos 20 metros desde a aliñación da Rúa Mestre Barrera e adaptando todas as restantes deterrminacións á ordenación urbanística disposta polo planeamento xeral vixente.

Á vista dos antecedentes a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1.- Denegar a Licenza Urbanística solicitada por parte de MERCEDES REDONDA MARTÍNEZ polas razóns antes expostas.

2.- Notificar dito acordo ó Promotor para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.

3º.- Adxudicación Subministración Luminarias LED Nucleo Fisterra 2017.--

Examinado o expediente por tramitación ordinaria coa finalidade de levar a cabo a contratación da " Subministración Luminarias LED núcleo Fisterra " cun presuposto de Trinta e tres mil novecentos setenta e seis euros con oitenta céntimos ( 33.976,80 € ) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base o Prego de Prescricions técnicas aprobado pola Excm Diputación Provincial dentro do Plan de Cooperación as Obras e Servizos de Competencia Municipal ( Plan único de Concellos ) POS + 2017

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación de data 2 de Agosto de 2017 en base as proposicións presentadas e aceptadas a licitación dentro do prazo sinalado no anuncio publicado no Diario de Bergantiños de data 22 de Xullo de 2017 tal y como queda acreditado no expediente,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Declarar válida a licitación, adxudicando provisionalmente a Subministración en cuestión en favor da Empresa MARCELINO GONZALEZ ESTEVEZ, con NIF 53.301.687 S e domicilio na Calella Patres, 2 da Vila de Fisterra por obter a maior puntuación ( mellor oferta económica ) por un importe de Trinta e dous mil cincocentos doce euros con setenta céntimos ( 32.512,70 € ) que supón unha baixa de Mil catrocentos sesenta e catro euros con dez céntimos ( 1.464,10 € ) en relación co tipo de licitación.-

2) Requerir ó licitador para que no prazo de dez días hábiles (10) a contar desde o seguinte ó recibo da notificación deste acordo, presente a documentación xustificativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.-

#### **4º.- Adxudicación Subministración Mellora Camiño da Insua.-**

Examinado o expediente por tramitación ordinaria mediante procedemento negociado coa finalidade de levar a cabo a contratación da Subministración " Mellora da Iluminación no Camiño da Insua " cun presuposto de Corenta e cinco mil cincocentos sesenta e dous euros e trinta e seis céntimos (45.562,36 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base o Prego de Prescricións técnicas modificado aprobado pola Excma Diputación Provincial dentro da 3ª Fase do Plan de Acción Social ( PAS ) ano 2015 .-

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación de data 2 de Agosto de 2017 en base as proposicións presentadas e aceptadas a licitación dentro do prazo sinalado no anuncio publicado no Diario de Bergantiños de data 8 de Xullo de 2017 tal y como queda acreditado no expediente,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros acorda:

1) Declarar válida a licitación, adxudicando provisionalmente a Subministración en cuestión en favor da Empresa MARCELINO GONZALEZ ESTEVEZ, con NIF

53.301.687 S e domicilio na Calella Patres, 2 da Vila de Fisterra por obter a maior puntuación ( mellor oferta económica ) nun importe de Trinta e nove mil novecentos setenta e nove euros con trinta céntimos ( 39.979,30 € ) que supón unha baixa de Cinco mil cincocentos oitenta e tres euros con seis céntimos (5.583,06 € ) en relación co tipo de licitación.-

2) Requerir ó licitador para que no prazo de Dez días hábiles (10 ) a contar desde o seguinte ó recibo da notificación deste acordo, presente a documentación xustificativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.-

#### 5º.- Expediente Obra Reforma Parque de San Roque, PAS 2015.-

Visto o Informe valorativo efectuado pola parte da Arquitecta que presta servizos no Departamento de Urbanismo desta Corporación e recollido na reunión efectuada polo órgano encargado da negociación sobre as ofertas presentadas polas Empresas que accederon á licitación convocada para contratación mediante Procedemento Negociado do Proxecto Modificado da Obra denominada “ Reforma do Parque Infantil de San Roque “ cun presuposto de execución que ascende a un importe de Sesenta e catro mil oitocentos trinta e seis euros con vinte e seis céntimos ( 64.836,26 € ) incluída no Plan de Acción Social da Excma Diputación Provincial - Anualidade 2015 -

Resultando que publicado Anuncio no periódico " Diario de Bergantiños " de data 22 de Xullo de 2017 e Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, unha vez rematado presentaróñse as seguintes proposicións :

EMPRESA	DENOMINACION
1	BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS S.L.
2	XARDIÑERÍA REJA S.L.
3	<u>OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L.</u>

Considerando que a Empresa " Oziona Soluciones de Entretenimiento S.L. " queda rechazada ó non presentar dentro do Sobre B " Referencias Técnicas " os elementos ( xogos infantís e fichas técnicas ) que previstos no Proxecto, poideran ser obxecto de valoración,

Visto o resultado das Referencias Técnicas :

### PUNTUACIÓNS PARCIAIS

<b>EMPRESAS</b>	<b>1</b>	<b>2</b>
<u>Programa de traballo</u> <u>(cláusula 15.2.A)</u>	<u>5,3</u>	<u>3,5</u>
<u>Actuación ambiental</u> <u>(cláusula 15.2.B)</u>	<u>5,6</u>	<u>4</u>
<u>Plan de control de calidade</u> <u>(cláusula 15.2.C)</u>	<u>6,4</u>	<u>1,2</u>
<u>Esquema do plan de seguridade e saúde (cláusula 15.2.D)</u>	<u>2,95</u>	<u>0,9</u>
<u>Porcentaxe de control interno de calidade (cláusula 15.2.E.1)</u>	<u>1</u>	<u>0,29</u>
<u>Porcentaxe de control externo de calidade (cláusula 15.2.E.2)</u>	<u>2</u>	<u>0,5</u>
<u>0Puntuación total</u>	<u>23,25</u>	<u>10,39</u>

### PUNTUACIÓN FINAL

<u>EMPRESA</u>	<u>VALORACIÓN TÉCNICA</u>	<u>VALORACIÓN RED. PRAZOS</u>	<u>VALORACIÓN ECONÓMICA</u>	<u>TOTAL</u>
<b>1</b>	<u>23,25</u>	<u>0,3</u>	<u>0,11</u>	<u>23,66</u>
<b>2</b>	<u>10,39</u>	<u>3</u>	<u>0,59</u>	<u>13,98</u>

Á vista dos antecedentes, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes e de conformidade ó previsto na Cláusula 15.4 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares, acorda Convidar ás Empresas admitidas para que nun prazo non superior a 48 horas contados a partir do recibo desta comunicación e a través de correo electrónico ou fax presenten en sobre pechado unha segunda oferta en relación cos aspectos de negociación previstos no Anexo V.II do Prego ( Oferta Económica e Redución de Prazos )



que mellore a inicial ou ben se ratifiquen expresamente nas ofertas xa presentadas,

Esta ratificación que, en todo caso é obrigatoria, deberá facerse por escrito e polos cauces antes mencionados inda que no desexen melloralas, advertíndolle que no caso de non facelo así, as Empresas quedarían excluídas da licitación por preverse así no Prego.-

#### **6º.- Asuntos varios.-**

-- Visto o informe emitido polo Departamento de servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a J. M. B., veciño de Fisterra, unha axuda polo importe de Cento dezanove euros ( 119,00 € ) para sufragar a adquisición de óptica ao tratarse de persoa carente de Medios económicos.-

-- Vista a petición formulada por parte de Cándido Insua Canosa, veciño de Fisterra, sobre **solicitud de Autorización para Cambio de Material de Taxi** para mellora do servizo , a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Conceder Autorización a Cándido Insua Canosa para que poida proceder ó cambio do Vehículo actual Marca Audi 6 por outro NOVO con capacidade de SETE PRAZAS Marca Ssangyong Rodius con número de Bastidor KPTN0B1ESH121036 coa finalidade de mellorar a prestación deste Servizo Público baixo a Licenza número 8 e parada neste Concello, quedando o primeiro deles sen ningunha validez para dito Uso público, todo elo de conformidade co disposto nos Artigos 2 e 25 da Lei 4 / 2013 do 30 de Maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo en Galicia ( Diario Oficial de Galicia número 113 de 14 de Xuño de 2013 ).-

2) Notificar dito acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, expedindo unha nova tarxeta acreditativa da súa titularidade .-

#### **PADRONES FISCAIS**

- A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda Ratificar a Resolución dictada pola Alcaldía de data 29 de Agosto de 2017 co seguinte contido :

A) Examinado o expediente do **Padrón Municipal da taxa por subministro de auga potable ano 2017.**

**Resultando**, que o anuncio da aprobación inicial a efectos de reclamacións e con carácter de notificación colectiva (Art. 124.3 da Lei 230/63 de 28 de decembro) foi exposto ó público no **BOP número 141 de 27/08/2017 e Taboleiro de anuncios da Casa do Concello durante o período**

comprendido entre o 28/07/2017 ó 28/08/2017 ambos incluídos e que transcurrido dito prazo foron presentadas as reclamacións que constan no expediente, esta Alcaldía acorda aprobar definitivamente o citado padrón municipal nun importe de “ Douscentos sesenta e tres mil cincocentos corenta e catro euros con vinte e nove céntimos (263.544,29 €) ”.

**B) Examinado o expediente do Padrón Municipal da taxa por Utilización privativa ou aproveitamento especial por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de aparcadoiro exclusivo, carga, descarga e outras actividades en interese particular ano 2017.**

**Resultando**, que o anuncio da aprobación inicial a efectos de reclamacións e con carácter de notificación colectiva (Art. 124.3 da Lei 230/63 de 28 de decembro) foi exposto ó público no BOP número 141 de 27/08/2017 e Taboleiro de anuncios da Casa do Concello durante o período comprendido entre o 28/07/2017 ó 28/08/2017 ambos incluídos e que transcurrido dito prazo non foi presentada reclamación algunha; esta Alcaldía acorda aprobar definitivamente o citado padrón municipal nun importe de “ Cinco mil seiscentos setenta e sete euros (5.677,00 €).-

**C) Examinado o expediente do Padrón Municipal da taxa de Saneamento e Augas Residuais ano 2017.**

**Resultando**, que o anuncio da aprobación inicial a efectos de reclamacións e con carácter de notificación colectiva (Art. 124.3 da Lei 230/63 de 28 de decembro) foi exposto ó público no BOP número 141 de 27/08/2017 e Taboleiro de anuncios da Casa do Concello durante o período comprendido entre o 28/07/2017 ó 28/08/2017 ambos incluídos e que transcurrido dito prazo foron presentadas as reclamacións que constan no expediente ; esta Alcaldía acorda aprobar definitivamente o citado padrón municipal nun importe de “ Cento vinte e catro mil setecentos oitenta e sete euros con noventa e cinco céntimos ( 124.787,95 €).-

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 22:00 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.